

Construtivismo : Dogmas

O que é fácil ou difícil, ¿quen o decidiu?

Hai certos dogmas que non se sabe moi ben como xurdiron e se converteron en artigos de fe:

- » A decisión de considerar unhas letras máis dificultosas que outras...
- » O establecemento de pasos previos innumerables **antes** de enfrentarse á escritura en si...
- » O feito de aceptarmos a nenos e nenas como meros **receptores** dos "coñecementos" que **nós** lle "impartíamos" e que asimilarían cando estivesen **maduros**...
- » A realización das pautas marcadas obrigatorias, como pasos imprescindibles no proceso de aprendizaxe...
- » A aceptación da "madureza" como causa do retraso...

Poucas veces se nos ocorreu **preguntarlles** a eles que opinaban ao respecto.

Emilia Ferreiro e Ana Teberosky fixérono; e desde entón moreas de profesionais compróbanos día a día. O resultado é, cando menos, sorprendente, e as máis das veces, gratificante.

Á vista de todo elo, podemos seguir facendo como sempre, como nos "aprenderon" a nós (como se nada soubéramos), ou **actuar** en consecuencia.